



DECLARACIÓN AUSENCIA CONFLICTOS DE INTERESE

- IF325A - Categoría 1: Xestión de documentos de control electrónicos.
- IF325B - Categoría 2: Sistema de tacógrafo intelixente de segunda xeración.
- IF325C - Categoría 3: Integración de documentos de control electrónicos nos sistemas de xestión.
- IF325D - Categoría 4: Implantación de sistemas TMS/ERP.
- IF325E - Categoría 5: Implantación de sistemas SAE.
- IF325F - Categoría 6: Actualización de sistemas SAE.
- IF325G - Categoría 7: Axudas aos servizos de transporte de viaxeiros.
- IF325H - Categoría 8: Implantación de aplicacións para reclamacións por medios electrónicos.
- IF325I - Categoría 9: Mellora de sistemas de *ticketing*.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Co obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a persoa que asina como solicitante da subvención concedida para a transformación de flotas de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestadoras de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, declara:

Primeiro. Estar informada/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE), establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo o indirecto de interese persoal».
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ten a fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos as persoas candidatas e licitadoras.



3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das administracións en quen se dean algunha das circunstancias sinaladas no número seguinte», sendo estas:
- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou en outro en cuxa resolución puidera influír a de aquel; ser administradora de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.
 - Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, coas administradoras de entidades ou sociedades interesadas e tamén coas asesoras, representantes legais ou mandatarias que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociada con estas para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
 - Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar ao procedemento de concesión de subvencións, tramitado co código , de ser o caso.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidera dar lugar a dito escenario.

Cuarto. Coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

, de de



XUNTA
DE GALICIA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRANSPORTES, MOVILIDAD
Y AGENDA URBANA



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

Dirección Xeral de Mobilidade